

os 100 mg/kg procedentes dos preparados vitamínicos e 1000 mg/kg de preparados que conteñan ácidos graxos poliinsaturados.»

b) Na cuarta parte, substitúese o título polo seguinte:

«ADITIVOS ALIMENTARIOS PERMITIDOS NOS ALIMENTOS PARA LACTANTES E NENOS DE CURTA IDADE PARA FINS MÉDICOS ESPECIAIS, TAL COMO SE DEFINEN NO REAL DECRETO 1091/2000, DO 9 DE XUÑO»

E inclúese o seguinte aditivo:

«E-472 c	Ésteres cítricos dos mono- e diglicéridos dos ácidos graxos.	7,5 g/l para produtos en po. 9 g/l para produtos en forma líquida.	Desde o nacemento.»
----------	--	---	---------------------

20549 *REAL DECRETO 2197/2004, do 25 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.* («BOE» 291, do 3-12-2004.)

A Directiva 94/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 1994, relativa aos edulcorantes utilizados nos produtos alimenticios, incorporouse ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Posteriormente, a publicación da Directiva 96/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro de 1996, modificou por primeira vez a Directiva 94/35/CE, e foi obxecto de transposición mediante o Real decreto 2027/1997, do 26 de decembro.

A evolución científica e técnica produciu cambios no sector dos edulcorantes que se recollen na Directiva 2003/115/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de decembro de 2003, e que modifica por segunda vez a Directiva 94/35/CE, ao autorizar dous novos edulcorantes que foron avaliados polo Comité Científico da Alimentación Humana e reducir as doses máximas de emprego do ácido ciclámico e dos seus sales de sodio e de calcio a teor da nova inxestión diaria admisible que estableceu o citado comité científico.

Este real decreto, que tamén introduce unha modificación na etiquetaxe, así como cambios nas denominacións dalgunhas categorías de alimentos, incorpora ao noso ordenamento xurídico a citada Directiva 2003/115/CE.

Procede, por tanto, en virtude das obrigas derivadas da pertenza do Reino de España á Unión Europea, incorporar ao ordenamento xurídico interno os preceptos contidos na Directiva 2003/115/CE mediante este real decreto, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, así como de conformidade co establecido nos artigos 38 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Na súa tramitación foron oídas as asociacións de consumidores e os sectores afectados e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de novembro de 2004,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

O Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Inclúese unha alínea c) no punto 2.3.^o do artigo 4, «Etiquetaxe», coa seguinte redacción:

«c) Sal de aspartamo e acesulfamo: «contén unha fonte de fenilalanina».

Dous. No anexo modifícanse as denominacións das seguintes categorías:

«a) “Preparados completos de réxime para o control do peso que substitúan unha comida ou o réxime alimenticio dun día”, pasará a se denominar “Alimentos destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso”, tal como se definen no Real decreto 1430/1997, do 15 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos produtos alimenticios destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso.

b) “Preparados completos e complementos nutritivos para uso baixo control médico”, pasará a se denominar “Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais”, tal como se definen no Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.

c) “Complementos alimenticios/integradores de réxime dietéticos líquidos”, pasará a se denominar “Complementos alimenticios”, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios, subministrados en forma líquida.

d) “Complementos alimenticios/integradores de réxime dietéticos, sólidos”, pasará a se denominar “Complementos alimenticios”, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, subministrados en forma sólida.

e) “Complementos alimenticios/integradores de réxime dietéticos a base de vitaminas e/ou elementos minerais, en forma mastigable ou de xarope”, pasará a se denominar “Complementos alimenticios, a base de vitaminas e/ou elementos minerais en forma mastigable ou de xarope”, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro.»

Tres. O anexo complétase co texto que figura no anexo deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Prórroga de comercialización.*

Autorízase o comercio e o uso dos produtos que cumpran o disposto neste real decreto a partir do 29 de xaneiro de 2005.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio de comercialización de produtos.*

Prohíbese o comercio e emprego de produtos que non cumpran o disposto neste real decreto a partir do 29 de xullo de 2005.

Non obstante, os produtos postos no mercado antes da data citada e que non cumpran o disposto neste real decreto poderanse vender ata o 29 de xaneiro de 2006.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade, así como de conformidade co establecido nos artigos 38 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 25 de novembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

«1. E-951 Aspartamo.

Na epígrafe de produtos de pastelería, repostaría, galletaría e bolos engádese a seguinte categoría de produtos alimenticios:

Produto alimenticio	Dose máxima de emprego
Essoblaten/obleas.	1.000 mg/kg

2. E-952-Ácido ciclámico e os seus sales de sodio e calcio.

a) A dose máxima de emprego de 100 mg/kg substitúese por 1000 mg/kg na seguinte categoría de produtos alimenticios:

Froita enlatada ou embotellada de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.

b) A dose máxima de emprego do 400 mg/l, substitúese por 250 mg/l nas seguintes categorías de produtos alimenticios:

Bebidas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.

Bebidas a base de leite e produtos derivados, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.

Bebidas a base de zumes de froitas de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.

c) Suprímense as seguintes epígrafes e as categorías de alimentos incluídos nelas:

Produto alimenticio	Dose máxima de emprego — mg/kg
<i>Goma de mascar</i>	
Goma de mascar sen azucres engadidos.	1.500
<i>Xeados</i>	
Xeados, sorbetes e tortas xeadas de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	250
<i>Produtos de confeitaría a base de azucre: caramelos, confeitos e lambetadas</i>	
Caramelos, confeitos e lambetadas sen azucres engadidos.	500
Produtos a base de cacao ou de froitos secos, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	500
Produtos a base de amidón, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	500
Micropastillas para refrescar o alento, sen azucres engadidos.	2.500

3. Inclúese un novo edulcorante E-955 Sucralosa nas seguintes categorías de alimentos e doses máximas de emprego.

N.º CEE	Denominación	Produto alimenticio	Dose máxima de emprego
E-955	Sucralosa.	<i>Bebidas alcohólicas</i>	
		Sidra e sidra de pera.	50 mg/l
		Bebidas constituídas por unha mestura de cervexa, sidra, sidra de pera, bebidas espirituosas ou viño con bebidas non alcohólicas.	250 mg/l
		Bebidas espirituosas cun contido de alcohol inferior a 15% vol.	250 mg/l
		<i>Bebidas non alcohólicas</i>	
		Bebidas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	300 mg/l

N.º CEE	Denominación	Produto alimenticio	Dose máxima de emprego
		Bebidas a base de leite e produtos derivados, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	300 mg/l
		Bebidas a base de zumes de froitas de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	300 mg/l
		<i>Cervexas</i>	
		Cervexa sen alcohol ou cun grao alcohólico inferior a 1,2 % vol.	250 mg/l
		«Biere de table/Tafelbier/Table beer» (que conteña menos dun 6% de mosto primitivo) excepto «Oberjähriges Einfachbier».	250 mg/l
		Cervexas cunha acidez mínima de 30 miliequivalentes expresada en NaOH.	250 mg/l
		Cervexas negras do tipo «Oud bruin».	250 mg/l
		Cervexa de valor enerxético reducido.	10 mg/l
		<i>Cereais para almorzo</i>	
		Cereais para o almorzo, cun contido de fibra superior ao 15% e que conteñan polo menos un 20% de farelo, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		<i>Complementos alimenticios</i>	
		Complementos alimenticios, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, subministrados en forma líquida.	240 mg/l
		Complementos alimenticios, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, subministrados en forma sólida.	800 mg/l
		Complementos alimenticios, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, a base de vitaminas e/ou elementos minerais, en forma mastigable ou de xarope.	2400 mg/l
		<i>Conservas e semiconservas de produtos da pesca</i>	
		Conservas e semiconservas agri doces de marinado de peixe.	120 mg/kg
		Conservas e semiconservas agri doces de peixe.	120 mg/kg
		Conservas e semiconservas agri doces de crustáceos.	120 mg/kg
		Conservas e semiconservas agri doces de moluscos.	120 mg/kg
		Escabeches de peixe, crustáceos e moluscos.	120 mg/kg
		<i>Froitas e hortalizas elaboradas</i>	
		Froita enlatada ou embotellada, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		Confituras, xeleas, marmalades de valor enerxético reducido.	400 mg/kg
		Marmeladas de froitas e hortalizas de valor enerxético reducido.	400 mg/kg
		Preparados de froitas e hortalizas de valor enerxético reducido.	400 mg/kg
		Conservas agri doces de froitas e hortalizas.	180 mg/kg
		Feinkostsalat.	140 mg/kg
		<i>Goma de mascar</i>	
		Goma de mascar sen azucres engadidos.	3000 mg/kg
		<i>Xeados</i>	
		Xeados, sorbetes e tortas xeadas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	320 mg/kg
		<i>Pastas e cremas para estender</i>	
		Pastas e cremas para estender a base de cacao, leite, froitos secos ou graxas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		<i>Sobremesas</i>	
		Preparados a base de leite e produtos derivados, iogur edulcorado e/ou aromatizado, iogur con froita, zumes e/ou outros produtos naturais, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		Sobremesas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg

N.º CEE	Denominación	Produto alimenticio	Dose máxima de emprego
E-962	Sal de aspartamo e ace-sulfamo *	Sobremesas a base de froitas e hortalizas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		Sobremesas a base de cereais, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		Sobremesas a base de ovo, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		Sobremesas a base de materias graxas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	400 mg/kg
		<i>Produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial</i>	
		Alimentos destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso, tal como se definen no Real decreto 1430/1997, do 15 de setembro.	320 mg/kg
		Produtos de pastelería, repostería, bolos e galletaría destinados a unha alimentación especial.	700 mg/kg
		Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais, tal como se definen no Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño.	400 mg/kg
		<i>Produtos de aperitivo</i>	
		Produtos de aperitivo salgados e secos a base de amidóns ou de froitos secos, envasados e aromatizados.	200 mg/kg
		<i>Produtos de confeitaría a base de azucres: caramelos, confeitos e lambetadas</i>	
		Caramelos, confeitos e lambetadas sen azucres engadidos.	1000 mg/kg
		Produtos a base de cacao ou de froitos secos, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	800 mg/kg
		Produtos a base de amidón, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	1000 mg/kg
		Micropastillas para refrescar o alento sen azucres engadidos.	2400 mg/kg
		Pastillas refrescantes moi aromatizadas para a garganta, sen azucres engadidos.	1000 mg/kg
		Confeitaría en forma de pastillas, de valor enerxético reducido.	200 mg/kg
		<i>Produtos de pastelería, repostería, galletaría e bolos</i>	
		Produtos de pastelería e repostería, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	700 mg/kg
		Produtos galletaría e bolos de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	700 mg/kg
		Produtos derivados de cacao, de chocolate e sucedáneos de chocolate, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	700 mg/kg
		Turróns e mazapáns de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	700 mg/kg
		Cornetes e galletas de barquillo para xeados, sen azucres engadidos.	800 mg/kg
		«Essoblaten»/obleas.	800 mg/kg
		<i>Salsas</i>	
		Salsas.	450 mg/kg
		Mostaza.	140 mg/kg
		<i>Sopas</i>	
		Sopas de valor enerxético reducido.	45 mg/l
		<i>Bebidas alcohólicas</i>	
		Sidra e sidra de pera.	350 mg/l (a)
		Bebidas constituídas por unha mestura de cervexa, sidra, perada, bebidas espirituosas ou viño con bebidas non alcohólicas.	350 mg/l (a)
		Bebidas espirituosas cun contido de alcohol inferior a 15 % vol.	350 mg/l (a)
		<i>Bebidas non alcohólicas</i>	
		Bebidas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/l (a)

N.º CEE	Denominación	Produto alimenticio	Dose máxima de emprego
		Bebidas a base de leite e produtos derivados, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/l (a)
		Bebidas a base de zumes de froitas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/l (a)
		<i>Cervexas</i>	
		Cervexa sen alcohol ou cun grao alcohólico inferior a 1,2 % vol.	350 mg/l (a)
		«Biere de table/Tafelbier/Table beer» (que conteña menos dun 6 % de mosto primitivo) excepto «Obergäriges Einfachbier».	350 mg/l (a)
		Cervexas cunha acidez mínima de 30 miliequivalentes expresada en NaOH.	350 mg/l (a)
		Cervexas negras do tipo «Oud bruin».	350 mg/l (a)
		Cervexa de valor enerxético reducido.	25 mg/l (b)
		<i>Cereais para almorzo</i>	
		Cereais para o almorzo, cun contido de fibra superior ao 15 % e que conteñan polo menos un 20 % de farelo, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	1000 mg/kg (b)
		<i>Complementos alimenticios</i>	
		Complementos alimenticios, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, subministrados en forma líquida.	350 mg/kg (a)
		Complementos alimenticios, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, subministrados en forma sólida.	500 mg/kg (a)
		Complementos alimenticios, tal como se definen no Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, a base de vitaminas e/ou elementos minerais, en forma mastigable ou de xarope.	2000 mg/kg (a)
		<i>Conservas e semiconservas de produtos da pesca</i>	
		Conservas e semiconservas agridoces de marinado de peixe.	200 mg/kg (a)
		Conservas e semiconservas agridoces de peixe.	200 mg/kg (a)
		Conservas e semiconservas agridoces de crustáceos.	200 mg/kg (a)
		Conservas e semiconservas agridoces de moluscos.	200 mg/kg (a)
		Escabeches de peixe, crustáceos, moluscos.	200 mg/kg (a)
		<i>Froitas e hortalizas elaboradas</i>	
		Froita enlatada ou embotellada, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)
		Confituras, xeleas, marmalades, de valor enerxético reducido.	1000 mg/kg (b)
		Marmeladas de froitas e hortalizas, de valor enerxético reducido.	1000 mg/kg (b)
		Preparados de froitas e hortalizas, de valor enerxético reducido.	350 mg/kg (a)
		Conservas agridoces de froitas e hortalizas.	200 mg/kg (a)
		Freinkostsalat.	350 mg/kg (b)
		<i>Goma de mastigar</i>	
		Goma de mastigar sen azucres engadidos.	2000 mg/kg (a)
		<i>Xeado</i>	
		Xeados, sorbetes e tortas xeadas de valor enerxético reducido.	800 mg/kg (b)
		<i>Pastas e cremas para estender</i>	
		Pastas e cremas para estender a base de cacao, leite, froitos secos ou graxas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	1000 mg/kg (b)
		<i>Sobremesas</i>	
		Preparados a base de leite e produtos derivados, iogur edulcorado e/ou aromatizado, iogur con froita, zumes e/ou outros produtos naturais de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)
		Sobremesas a base de ovo, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)

N.º CEE	Denominación	Produto alimenticio	Dose máxima de emprego
		Sobremesas aromatizadas a base de auga, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)
		Sobremesas a base de froitas e hortalizas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)
		Sobremesas a base de cereais, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)
		Sobremesas a base de materias graxas, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	350 mg/kg (a)
		<i>Produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial</i>	
		Alimentos destinados a seren utilizados en dietas de baixo valor enerxético para redución de peso, tal como se definen no Real decreto 1430/1997, do 15 de setembro.	450 mg/kg (a)
		Produtos de pastelería, repostería, galletaría e bolos destinados a unha alimentación especial.	450 mg/kg (a)
		Alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais, tal como se definen no Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño.	450 mg/kg (a)
		<i>Produtos de aperitivo</i>	
		Produtos de aperitivo salgados e secos a base de amidóns ou de froitos secos, envasados e aromatizados.	500 mg/kg (b)
		<i>Produtos de confeitaría a base de azucres: caramelos, confeitos e lambetadas</i>	
		Caramelos, confeitos e lambetadas, sen azucres engadidos.	500 mg/kg (a)
		Produtos a base de cacao ou de froitos secos, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	500 mg/kg (a)
		Produtos a base de amidón, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	1000 mg/kg (a)
		Micropastillas para refrescar o alento, sen azucres engadidos.	2500 mg/kg (a)
		<i>Produtos de pastelería, repostería, galletaría e bolos</i>	
		Produtos de pastelería e repostería, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	1000 mg/kg (a)
		Produtos de galletaría e bolos, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	1000mg/kg (a)
		Produtos derivados de cacao, de chocolate e sucedáneos de chocolate, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	500 mg/kg (a)
		Turróns e mazapáns, de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos.	500 mg/kg (a)
		«Essoblaten»/obleas.	1000 mg/kg (b)
		<i>Salsas</i>	
		Salsas.	350 mg/kg (b)
		Mostaza.	350 mg/kg (b)
		<i>Sopas</i>	
		Sopas de valor enerxético reducido.	110 mg/l (b)

* As doses máximas de emprego de sal de aspartamo e acesulfamo derivan das doses máximas de emprego correspondentes aos seus compoñentes, aspartamo (E-951) e acesulfamo K (E-950). As doses máximas de emprego tanto de aspartamo (E-951) como de acesulfamo K (E-950) non se deberán exceder ao utilízalos en forma de sal das devanditas substancias, ben soa ou en combinación con E-950 ou E-951. Os límites desta columna exprésanse en equivalentes de acesulfamo K (a) ou equivalente de aspartamo (b).»